

O home da cadeira

No lugar todos coñecían a Álvaro. Era un home tranquilo, que falaba pouco e que sempre estaba sentado na mesma cadeira de madeira. A cadeira estaba na súa cociña, ao lado dunha ventá pola que entraba a luz da tarde. Moitas persoas dicían que Álvaro pasaba demasiado tempo alí, pero el sempre respondía cun sorriso pequeno.

A verdade é que sentíase ben naquela cadeira. Era cómoda, quente e acompañáballo desde facía moitos anos. Pero había algo máis, algo que ninguén sabía: cando Álvaro se sentaba nela, sucedía algo extraño.

Cada vez que pechaba os ollos, aparecían imaxes na súa mente. Non eran soños, non eran lembranzas reais, pero parecían cousas vividas por el: camiños entre montañas, mares enormes con barcos de velas, cidades con rúas estreitas e luces. Álvaro non entendía por que vía todo aquilo, pero non lle daba medo. Pola contra, facíalo sentir especial.

Un día de inverno, mentres fóra chovía con forza, el sentou na súa cadeira coma sempre. Pero esta vez, a madeira fixo un pequeno ruído, coma se respirase. Álvaro quedou quieto, sorprendido. Entón sentiu unha sensación rara, como se a cadeira lle estivese dicindo: “Ven”.

Antes de poder pensalo dúas veces, o cuarto desapareceu. A luz quedou branca, e de súpeto, Álvaro apareceu nunha praia enorme. O sol quentáballo a cara, ao seu lado había unha barca pequena e, ao lonxe, unha nena lle sorría.

Álvaro entendeu que aquel sitio era un dos lugares que vira tantas veces cando pechaba os ollos. Non sabía como era posible, pero tampouco quería saír correndo. A nena achegouse e colleuno da man. Sen dicir palabra, levouno por un camiño de pedra que subía cara a un faro alto.

Benvido, dixo ela por fin. Este é o mundo que a túa cadeira garda para ti.

Álvaro quedou sen palabras. Pensou en todas as tardes que pasara sentado, vendo imaxes sen sentido. Agora comprendía que a cadeira non lle mostraba soños, senón lugares reais, sitios que existían nalgún outro recuncho do tempo ou do maxín.

Pasou moito tempo explorando aquela praia, o faro e unha pequena vila mariñeira onde as casas eran de cores alegres. Falou coa xente, escoitou historias e mesmo probou un peixe que sabía mellor que nada do que comera na súa vida.

Cando regresou á cadeira, non sabía se estivera fóra uns minutos ou moitas horas. A casa estaba igual que antes, silenciosa e quente. A cadeira non fixo ningún ruído, coma se nada ocorrera.

Pero Álvaro xa sabía a verdade: aquela cadeira era unha porta.

Desde aquel día, Álvaro deixou de ter medo a nada. Xa non se preocupaba polo que diría a xente. Cada vez que tiña ganas de descubrir algo novo, sentaba na súa cadeira, pechaba os ollos e deixábase levar.

Ás veces volvía á praia, outras veces aparecía nun bosque de árbores enormes ou nunha cidade chea de música. Cada viaxe ensináballo algo: que o mundo é grande, que a vida é unha aventura e que ás veces as portas máis importantes están no lugar máis simple.

Unha mañá, Álvaro pensou que xa fixera suficientes viaxes sentado. Así que abriu a porta da casa, respirou fondo e saíu camiñar polo seu propio mundo, polo de verdade, sabendo que tamén podía ser marabilloso.

A cadeira quedou na cociña, tranquila, esperando a que algún día outra persoa se sentase nela. Quizais outro veciño, ou quizais un neno curioso. A cadeira sabía esperar. E tamén sabía soñar.

Lucía Martínez Rivera e Antía Roibás Fontao